

ACTA DE ENTREGA A PROL DO CONCELLO DA GUARDA DO TREITO DA ESTRADA PO-355, DESDE O PUNTO QUILOMÉTRICO 0+000 AO PUNTO QUILOMÉTRICO 0+220, XUNTO CO SEU DOMINIO PÚBLICO VIARIO, E O CAMBIO DE TITULARIDADE DA RÚA JULIA VAQUERO (UNICAMENTE CALZADA, BEIRAVÍAS E APARCADOIROS), DE TITULARIDADE MUNICIPAL, A PROL DA XUNTA DE GALICIA

COMPARECE

Dunha parte, Yago Borrajo Sánchez, secretario xeral técnico da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, da Xunta de Galicia, por delegación da conselleira en virtude da Orde de 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e en outros órganos e entidade públicos adscritos a esta consellería (DOG 20/09/2017) en representación desta consellería.

Doutra parte, Roberto José Álvarez Carrero, na súa condición de alcalde do Concello da Guarda, en representación desta entidade.

EXPOÑEN

O Concello da Guarda solicitou á Axencia Galega de Infraestruturas a transferencia de titularidade do treito inicial da estrada de titularidade autonómica PO-355 entre o p.q. 0+000 (intersección coa PO-552) e o p.q. 0+230 (conexión coa rúa Julia Vaquero), correspondente coa rúa Rosalía de Castro, e o cambio de titularidade da rúa Julia Vaquero, de titularidade municipal, a prol da Xunta de Galicia.

O concello quere eliminar o tráfico rodado e proceder á humanización e peonalización deste treito da rúa Rosalía de Castro. Por outro lado, indica que a cesión da rúa Julia Vaquero á prol da Xunta de Galicia permitirá manter a conexión entre a PO-355 e a PO-552.

Mediante o Decreto 64/2025 do 15 de xullo, (DOG núm 143 do 29 de xullo de 2025), a



Comunidade Autónoma de Galicia aprobou o cambio de titularidade a prol do Concello da Guarda do treito da estrada PO-355, desde o punto quilométrico 0+000 ao punto quilométrico 0+220, xunto co seu dominio público viario e o cambio de titularidade da rúa Julia Vaquero, (unicamente calzada, beiravías e aparcamentos) de titularidade municipal, a prol da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 3 do Decreto 64/2025, do 15 de xullo, a entrega dos bens formalizarase no prazo dos tres meses seguintes a esta publicación do decreto no Diario Oficial de Galicia mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

En cumprimento do disposto no decreto de aprobación de cambio de titularidade e de conformidade co artigo 18.6 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o regulamento xeral de estradas de Galicia,

ACORDAN

Formalizar o cambio de titularidade a prol do Concello da Guarda do treito inicial da estrada PO-355, do p.q. 0+000 ao p.q. 0+220, de titularidade autonómica, xunto co seu dominio público viario, conforme aos seguintes datos:

Denominación	PQ _i	Coordenadas UTM (ETRS89 fuso 29)	PQ _f	Coordenadas UTM (ETRS89 fuso 29)	Lonx. (m)	Superficie DPV (m ²)
Treito inicial da PO-355: A Guarda (PO-552) – Rúa Julia Vaquero	0+000	X=510.977 Y= 4.639.054	0+220	X= 511.184 Y= 4.639.031	213	2.926

Formalizar o cambio de titularidade a prol da Xunta de Galicia da calzada, beiravías e aparcamentos da rúa Julia Vaquero de titularidade municipal, conforme aos seguintes datos:

Denominación	Inicio (int. PO-552) Coordenadas UTM (ETRS89 fuso 29)	Final (int. PO-355) Coordenadas UTM (ETRS89 fuso 29)	Lonx. (m)
Rúa Julia Vaquero (unicamente calzada,	X= 511.153	X= 511.190	144



beiravías e aparcamentos): Int. PO-552 –
Int. PO-355

Y= 4.639.175

Y= 4.639.037


E para que así conste, as partes asinan electronicamente este documento.

A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas P.D (Orde de 7 de setembro de 2017 (DOG 20/09/2017) , o Secretario Xeral, Yago Borrajo Sánchez


O alcalde do Concello da Guarda, Roberto José Álvarez Carrero


ANEXO I . PLANOS





As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
Código: pklJ5810bU67 Verificación: https://sede.xunta.gal/ove





As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
Código: pklJ5810bU67 Verificación: https://sede.xunta.gal/ove



